



## Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Métodos e deseños na investigación da linguaxe	Código	652498012		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Non presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Psicoloxía				
Coordinación	Risso Migueles, Alicia Gloria	Correo electrónico	alicia.risso@udc.es		
Profesorado	Risso Migueles, Alicia Gloria	Correo electrónico	alicia.risso@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia ofrece unha revisión de nivel medio sobre as metodoloxías e técnicas de investigación no ámbito da linguaxe. Realízanse análises metodolóxicas de traballos relevantes no contexto da investigación da linguaxe e vincúlase cun proxecto de investigación.				
Plan de contingencia	1. Modificacións nos contidos. Non se modifican.  2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas, Obradoiro, Traballos tutelados, Presentación oral, Proba obxectiva.  *Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxistral: substituiranse por sesións síncronas equivalentes a través do equipo da materia en Teams.  3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Teams da materia, teléfono do despacho, correo electrónico.  4. Modificacións na avaliación Non son necesarias.  *Observacións de avaliación:  5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non son necesarias. Os materiais de lectura e traballo estarán dispoñibles no Moodle da materia desde o inicio do cuatrimestre.				

## Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



<p>AO FINALIZAR A MATERIA, O ALUMNADO:</p> <p>Pode reflexionar por escrito acerca dos fundamentos metodolóxicos da investigación sobre a linguaxe e a comunicación.</p> <p>Pode describir os métodos e técnicas de recollida e análise de información, fundamentalmente cuantitativos.</p> <p>É capaz de deseñar instrumentos de recollida de información para programas de intervención en linguaxe e comunicación.</p> <p>É capaz de buscar e seleccionar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.</p> <p>É capaz de analizar criticamente as publicacións científicas.</p> <p>Pode comunicar axeitadamente os resultados dunha investigación.</p> <p>É capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.</p>	AP9 AP10	BP1	CP8
---	-------------	-----	-----

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Metodoloxía experimental e cuasiexperimental, observacional e de enquisas na investigación da linguaxe.	1. Metodoloxía experimental e cuasi-experimental 2. A observación como metodoloxía e como técnica 3. Enquisas e entrevistas
2. Deseño, construción, avaliación e aplicación de instrumentos de recollida da información.	1. Deseño 2. Construción 3. Avaliación 4. Aplicación 5. Assignación e interpretación de puntuacións
3. Aplicación das novas tecnoloxías á recollida de información.	1. A recollida de datos a través de internet: características, consideracións, vantaxes e inconvenientes 2. Programas informáticos e software de apoio 3. Aplicacións prácticas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A10 A9	0	15	15
Obradoiro	A9 A10 B1 C8	7	10	17
Traballos tutelados	A9 A10 B1 C8	5	10	15
Presentación oral	A9 B1 C8	1	5	6
Sesión maxistral	A10 A9 B1 C8	7	0	7
Proba obxectiva	A9 A10 B1 C8	1	8	9
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Selección de lecturas que se comentan posteriormente en clase e que serven para os traballos tutelados. Responderase a un cuestionario online sobre elas, como control de lectura.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Análise metodolóxica de investigacións relevantes dentro do ámbito da investigación da linguaxe, seguindo as directrices da Guía de Análise que se ofrece no curso.



Presentación oral	Exposición dun dos traballos tutelados realizados.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Proba obxectiva	Pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Obradoiro	Os traballos requiren dun seguimento individual, ou en grupo pequeno, do profesorado.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A9 B1 C8	Exposición, grabada en vídeo, dun dos traballos tutelados realizados. (Actividade de equipo).	12
Traballos tutelados	A9 A10 B1 C8	Realización de análises metodolóxicas de publicacións relevantes no campo da investigación da linguaxe, de acordo coa "Guía de análise" que ofrece a materia. (Actividade de equipo).	18
Lecturas	A10 A9	Avaliaranse cos traballos tutelados e na proba obxectiva final.	0
Obradoiro	A9 A10 B1 C8	Resolución das prácticas iniciadas en clase e rematadas de forma non-presencial. (Actividade de equipo). Sumarase individualmente a asistencia, a condición de que estea por encima do 80 %.	20
Proba obxectiva	A9 A10 B1 C8	Exame final. Proba obxectiva con catro opcións de resposta por cuestión, das que só unha será correcta.	50
Sesión maxistral	A10 A9 B1 C8	Avaliaranse cos traballos tutelados e na proba obxectiva final.	0

### Observacións avaliación

Importante: Para aprobar será necesario obter, como mínimo, a metade da puntuación total posible en cada unha das metodoloxías de avaliación.

Opción A: As prácticas e os traballos tutelados, así como a exposición oral, realizaranse en equipo.

Opción B: O alumnado a tempo completo que non alcance o 80 % de asistencia presencial (Teams) realizará as prácticas e os traballos tutelados de forma individual. A presentación oral poderá facerse con algún dos equipos existentes.

Opción C: O alumnado a tempo parcial con dispensa de asistencia concedida realizará de forma individual (ou nun equipo con outros/as estudantes na mesma situación) as prácticas e os traballos tutelados. De non existir equipo de estudantes con dispensa, a presentación oral poderá facerse con algún dos equipos existentes.

### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<p>MANUAL DE APOIO: NAVAS ARA, M. J. (coord.) (2002). Métodos, diseños y técnicas de investigación psicológica. Madrid: UNED. Libro pensado para o ensino non-presencial, que abrangue practicamente todos os temas relacionados coa metodoloxía de investigación, dende unha introdución sobre o método científico ás distintas metodoloxías e o seu emprego, pasando pola construción de instrumentos de medida. OUTROS TEXTOS RECOMENDADOS: LEÓN, O. y MONTERO, I. (2000). Diseño de investigaciones. Madrid: McGraw-Hill. Libro de lectura doada e amena, con múltiples exemplos. Moi recomendable. DELGADO, A. R. y PRIETO, G. (1997): Introducción a los métodos de investigación de la Psicología. Madrid: Pirámide. Libro breve y sencillo que aborda una buena parte de los contenidos incluidos en el programa. FONTES, S.; GARCÍA, C.; GARRIGA, A. J.; PÉREZ-LLANTADA, M. C. y SARRIÁ, E. (2001): Diseños de investigación en Psicología. Madrid: UNED. Libro breve e sinxelo que aborda unha boa parte dos contidos incluídos no programa. GARCÍA, C.; QUINTANILLA, L.; GARRIGA, A. J.; FONTES, S.; PÉREZLLANTADA, M. C. y SARRIÁ, E. (2003): Diseños de investigación en Psicología. Cuaderno de Prácticas. Madrid: UNED. Trátase dun Caderno de Prácticas elaborado para esa materia da titulación de Psicoloxía que acompaña á obra do mesmo título realizada por Fontes e col. (2001). Nel ofrécense numerosos extractos de investigacións sobre as que se propoñen distintas actividades aos lectores. GARCÍA, M.; IBÁÑEZ, J. y ALVIRA, F. (comp.) (1994): El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación (2.a ed.). Madrid: Alianza. Manual cunha perspectiva sociolóxica no que se aborda a análise da realidade social considerando os deseños e a forma de recoller e analizar posteriormente os datos. Examínanse as metodoloxías incluídas n programa, cun peso maior á cualitativa e á de enquisas, un capítulo para a metodoloxía observacional e algunha referencia á metodoloxía experimental, pouco utilizada no ámbito do que trata o libro. MELTZOFF, J. (2000): Crítica a la investigación. Psicología y campos afines. Madrid: Alianza. Libro claro e didáctico organizado en dúas partes. Na primeira revísanse todas as fases implicadas na realización dunha investigación. Na segunda proponse un conxunto de 16 artigos ficticios creados polo autor e con erros que o lector debe detectar, se ben cada artigo vai seguido dun comentario do autor onde se sinalan unha boa parte deles. MERINO, J. M.; MORENO, E.; PADILLA, M.; RODRIGUEZ-MIÑÓN, P. y VILLARINO, A. (2001): Análisis de datos en Psicología I. Madrid: UNED. Libro concibido expresamente para o estudo a distancia da estatística descritiva, moi claro e didáctico, cheo de exemplos sinxelos e aclaracións, que resultará de grande utilidade para o alumnado que se achega por vez primeira a eses conceptos estatísticos.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías